

GUÍA DOCENTE DE **TECNOLOXÍA ORGANOLÓXICA E FONOGRAFÍA I-III**

## ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: TECNOLOXÍA ORGANOLÓXICA E FONOGRAFÍA I-III									
ESPECIALIDADE	Musicoloxía				ITINERARIO			Histórica	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.					3	3	3		Observacións:
									2h.

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento das manifestacións organolóxicas primitivas. Evolución da tecnoloxía musical ao longo da Idade Antiga, Media e Moderna. Comprensión do fenómeno do nacemento da fonografía como inicio da historia da música. Coñecemento e descrición dos obxectos organolóxicos do pasado como fonte para a historia da música e a súa reconstrución sonora.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T4, T8
COMPETENCIAS XERAIS:	X9, X10, X12, X14, X20, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM2, EM3, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Valorar o papel da música no desenvolvemento cultural e artístico da sociedade en cada momento.	T11, X12, X14, X16, EM7
Captar, a través do análise e da audición, as características da música de cada período estudado, co fin de entender a súa evolución e situar as obras musicais no tempo.	T2, X25, EM1, EM3
Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, o pensamento e a literatura, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis destacados de cada época.	T4, T16, T17, X5, EM2, EM7
Desenvolver certo grao de autonomía persoal á hora de empregar as ferramentas de investigación propias da musicoloxía, aplicándoas de xeito autónomo ao estudo da música empregando un vocabulario axeitado e respectando as opinións alleas.	T11, X26, EM2, EM7
Coñecer as principais fontes bibliográficas para o estudo da cultura musical.	



#### 4. CONTIDOS

A experiencia do son
A iconografía musical e o son
A fonografía
Tecnoloxía musical
Principais áreas de investigación da musicoloxía actual.

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

*\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*